

Í
L

Elena Garro

Inés

Traducción de Rocío Viéitez Ferro

candemaia

Elena Garro

Elena Garro (Puebla, 1916 – Cuernavaca, 1998) foi unha escritora, dramaturga e xornalista mexicana, considerada unha das voces máis singulares da literatura hispanoamericana. A súa obra combina a crítica social coa fantasía e a memoria, anticipando o realismo máxico. Estivo casada con Octavio Paz, pero o seu talento brillou con luz propia en novelas como *Os recordos do porvir* (1963), obra clave da narrativa mexicana do século XX, e *Inés* (1995), onde aborda a violencia, o amor e a opresión feminina cun ton lírico e lacerante. Nos seus contos explora o destino, a culpa e o tempo circular. Perseguida e exiliada durante anos, a súa figura foi silenciada, pero hoxe recoñécese como unha precursora do feminismo e unha autora esencial para comprender a literatura mexicana contemporánea.

ÍNDICE

Limiar	9
Inés	13

Limiar

Coller a man de corazón tan nai e agradecer a emoción agasallada: *Candemaia*.

Adoitan as nais darnos leccións de vida non sempre aproveitadas. Ven a colección *Candemaia* proclamar a Vida e neste volume entregar o galano dunha autora, Helena Garro, extraordinaria artista danada pola construción colectiva da súa suposta tolemia.

Emiliano Ruíz Parra, animado por Leila Guerriero, escribiu *Elena Garro. La pérdida del reino*, crónica política, un traballo útil para achegármonos á figura da autora.

Outubro do 68 na Praza das Tres Culturas de Tlalecolco. Retirados os carros blindados do exército chegaron os limpadores para lavar o sangue do pavimento alagado. Helena Garro tomada polo pavor, deu a razón ao goberno que asasinaba os disidentes, afirmou que a revolta estudantil do 68 era unha conxura de comunistas estranxeiros para derrocar o goberno e boicotear as Olimpíadas. Declarou publicamente falsidades e denuncias difíciles de probar. O seu pánico, contaxiado a moitos intelectuais, favoreceu o seu embarque na nave dos tolos. Durante vinte anos as decisións de Helena Garro

estiveron guiadas polo medo. Debía negalo todo. En media hora arruinara a súa vida. Pecháronselle as portas do mundo. Helena entolecera.

Padeceu violencia machista no noivado e no matrimonio con Octavio Paz, O invisíbel e normalizado tornou intolerábel.

No ano 78, vivindo en Madrid coa súa filla, o alcalde Tierno Galván coñece que a muller de Octavio Paz está na indixencia e facilítalles un apartamento ás dúas mulleres.

Sentíase emparentada cos tsares. Gustáballe vivir con luxo, chofer e servidume.

Foi unha anomalía, quixo ser libre mesmo sendo muller mexicana dos anos trinta. Emendou a súa biografía, axustou contas cos inimigos e reinventou a familia. Condenada ao esquezo, nunca puido lavar o estigma de tola e delatora. A Helena cómpre lembrala, sobre todo, como unha persoa que quixo transformar o mundo machista, corrupto e totalitario no que viviu. Activista agraria, enfrontou os terratenentes e funcionarios criminais para defender os labregos e os dereitos humanos. Alén da súa loita social, foi revolucionando o teatro e a literatura en México e Hispanoamérica.

Máis tarde dirá: «Cando unha muller escribe, morre. É unha sentenza de morte». Nora de Cruz, especialista na súa obra sostén que os seus libros canonizados son os que Octavio Paz promoveu, o resto serían ignorados.

Na súa segunda etapa de escritora a voz dominante corresponde a unha muller de clase media que acusa os abusos masculinos. «Son un pecado terríbel». «Soterráronme e volvéronme desenterrar». «Todos os malos tratos son polo de 1968».

Helena Garro tiña un ouvido fino para a fala popular e converteuna en parágrafos musicais, algúns escritos en

endecasílabos e alexandrinos. Hai quen a cualificou como a escritora máis brillante desde Sor Juana Inés de la Cruz.

Di Helena Garro en 1995: «Escribín *Inés* nos años 70 a raíz dalgunhas viaxes onde coñecín diversos personaxes, entre eles *Inés*, unha monxa enfrontada ao ateísmo e á crueldade. [...] A idea de *Inés* xorde por ser unha moza inocente que vén dun convento e remata nas mans dun grupo de dexenerados. Perde o seu fervor cando lle ocorren sucesos horríbeis e ninguén a axuda, nin Deus, e moito menos os amigos. Sucédeme algo moi semellante actualmente. A xente é mala. (...) Publico *Inés* por diñeiro, porque non teño casa, nin móbeis, non teño unha cama e moito menos mesa onde escribir, antes facíao no chan, pero agora danme noxo as cascudas e os demais animais que roldan a casa».

O texto de Garro é breve. Consiste en diálogos concisos e refinados acompañados de descricións extensas. Pódese dicir que a novela é minimalista no uso de adxectivos, cunha linguaxe sucinta e transicións rápidas que producen un ambiente de incerteza, suspendido e desconcertante, até alucinatorio.

A voz corresponde a un narrador en terceira persoa caracterizado por acompañar o punto de vista dun personaxe en particular. Un narrador desprazado da omnisciencia divina á persoal, colocado a carón da protagonista. O emprego desa perspectiva permite despregar unha versión sesgada dos acontecementos, armada cos fragmentos da realidade accesíbel a ela. Na obra conflúen diversas realidades: a imposta polos outros e a dos medos reais, sociais e atávicos, as dúas nocións mesturadas crean unha nova realidade cunha prosa case neutral, de notario ou testemuña, sen apenas adobíos; unha voz consonte o momento, clara, segura, tremente, serena ou emocionada, dentro dunha realidade, por veces delirante.

En temos de xénero, *Inés* amosa trazos de novela de terror, novela gótica e novela de xénero negro, coa súa atmosfera de misterio, suspense, violencia, abuso sexual, secuestros e impunidad. Refírese a historia dun crime desde o subxectivo e impresionábel punto de vista da vítima. Esta estratexia, aspira a xerar afinidade, comprometendo a racionalidade de quen le nun exercicio de exploración de emocións derivadas da indócil fragmentación da información, tanto como do atroz destino da muller inmolada, inapelábel desde as primeiras páxinas. Deste xeito conséguese facer verosímil o pesadume que domina a protagonista.

Os actos violentos contra a dignidade humana prodúcense sen máis explicación que a de seren as autoras persoas desgonzadas polos seus desexos aberrantes, polo gozo de controlar a vida dos demais e de violar as normas sociais. Non son doados de entender. Os ritos nos que participan son satánicos, pero o demo está na persoa.

A novela mostra a travesía infernal de *Inés* trazando un retrato lacerante da misoxinia e a desigualdade dominantes na sociedade. Non só denuncia o machismo, senón tamén as estruturas de clase que esmagan os máis vulnerábeis. Un tipo de ficción grotesca, irracional e insólita que suscita un estado de perturbación en quen le.

Helena Garro consegue espertar o desacougo e a incerteza nos lectores que aínda agardan da literatura sentimentos de fascinación e pasmo, que fan da imaxinación o espírito afirmativo da creación estética. Algo que non se daría de non sufrir, moi a pesar seu, as vicisitudes experimentadas en propia carne.

Xabier Paz. Marzo, 2025

Inés

—Non teñas medo de ir a un país estranxeiro. Vas a un lugar impecable, ao coidado do teu curmán Jesús, e o propio señor encargárase de arranxar os teus papeis de traballo. Confía en Deus, filliña! Tiveches moita sorte de atopar un traballo tan bo.

Na pequena plataforma, as palabras da Madre Superiora esvaecían entre a chuvisca que batía nos raís e na faciana. Inés gardou silencio. Ollou a súa maleta humilde, onde levaba un traxe gris, algo de roupa interior, un peite, un cepillo de dentes e xabón de tocador. Inés retivo as bágoas e esforzouse por non alzar a vista ao ceo, nin tampouco fixar os ollos nas poucas persoas que, a certa distancia, seguían a súa partida cun xesto calado e de estrañeza.

—Deus sempre nos ve, sempre coida de nós, lembra que nunca nos solta a man. Aínda que esteas lonxe, seguirás sendo a nosa filla querida e velaremos e rezaremos por ti todos os días.

Inés asentiu. Levaba un abrigo de la e unhas luvas de punto que lle agasallara unha señora protectora do orfa-

nato onde se criara. No bolso gardaba algo de diñeiro para a viaxe.

—Veña, ánimoate! —exclamou a Madre Superiora cando o ameazador tren parou como un monstro diante delas.

A imaxe da Madre Superiora dándolle a beizón, xunto ao home que a axudara a cargar a maleta no tren, semellaba irreal. Absorta, preguntouse se de verdade estaba deixando aquela plataforma española, aquel home que se despedía coa gorra na man, e a faciana rosada da irmá Dolores. Ao saír da estación, o tren deu un xiro inesperado, e Inés quedou soa no seu compartimento de segunda clase. Lonxe das figuras coñecidas, preferiu pechar os ollos para non ver o mundo que agardaba por ela.

Ao día seguinte, o tren detívose nunha estación inmensa: Inés chegara a París. Atordada, baixou do tren procurando entre a multitude o rostro esquecido do seu curmán Jesús. Lembrábao louro e de baixa estatura.

Alí estaba, agardándoa nunha plataforma allea, facendo acenos vagos coas mans. Tiña un aire canso, envolto no seu abrigo vello e gastado. Sorriu e apurou a collerlle a maleta. Falaron pouco da vila e do convento que Inés acababa de deixar. Mesturados entre a xente, buscaron a entrada do metro. Esvararon polos corredores subterráneos onde se movía xente atarefada. Cambiaron de tren tres veces. Cando saíron de novo á superficie, Inés atopouse nunha praza fermosa e sosegada, rodeada de castiñeiros. Jesús sorriu, satisfeito.

—Gústache? É o barrio máis elegante de París.

Inés asentiu. Cruzaron a praza e seguiron unha avenida que conducía a ela. Era unha rúa de dobre sentido, cunha calzada central, flanqueada por castiñeiros espidos, desdebuxados pola néboa do inverno. A poucos pasos da praza, detivéronse fronte a unha porta enorme,

de madeira lustrada: aquela era a casa, aquel era o seu destino. Jesús semellaba satisfeito ao ver a sorpresa no rostro da súa curmá Inés, quen por un instante deu un pequeno paso atrás, coma se algo dentro dela lle dixese que non debía entrar.

—Non che gusta? —preguntoulle o seu curmán, orgulloso da mansión onde traballaba.

— É moi grande... Non sei se poderei con ela.

Entraron no patio de baldosas. Unha marquesiña cubría os chanzos de pedra que levaban á mansión. Á esquerda estaba a porta que levaba ao despacho do conserxe onde Suzanne, a dona francesa de Jesús, e os nenos a recibiron e lle ofreceron un café quente. O cuarto era pobre, situado nun nivel máis baixo que o patio de baldosas. Unha pequena xanela permitía ver a rúa desde abaixo cara arriba. Nunha parede descansaban os taboleiros coas chaves dos cuartos, os timbres e algunhas instrucións. Preto, estaba o conmutador telefónico, cos conectadores para comunicar con toda a casa.

Inés sentiuse oprimida e escoitou con sorpresa a conversa entre a súa curmá e os seus sobriños. Os nenos tiñan a palidez causada polo confinamento e o aire ategado de cheiros malsáns que flotaban naquela especie de soto habitado. Inés lembraba a frescura da horta do convento: alí a xente camiñaba pola terra, non se agochaba en covas cheirentas que a convertía en seres agoniados por un destino adverso. «Por que viría eu aquí?», preguntouse. Jesús interrompeu os seus pensamentos; tiña que amosarlle a casa. Ambos atravesaron a porta do garaxe, cruzaron o patio de baldosas e subiron os chanzos. Inés atopouse nun corredor enorme con paredes de madeira escura e chan alfombrado de vermello. Dun dos seus lados partía unha ampla escaleira, tamén feita de

madeira escura. O comedor, coas súas paredes cubertas de espellos afumados, era semellante a un acuario vello e en desuso.

Unha serie de espazosos salóns, cos seus mobles abandonados, remataban na enorme sala de música onde un gran piano negro semellaba un animal luxoso. Volveron ao comedor para visitar a despensa e a cociña, ambas enormes e deterioradas, coma se ninguén entrase nelas en moitos anos. Atordada, Inés non escoitou as explicacións do seu curmán.

Volveron ao vestíbulo para coller o pequeno ascensor que levaba aos pisos superiores. Inés atopou cuartos abandonados con cortinas mal colgadas e cubertas de po.

—Este é o cuarto do señor —dixo Jesús cun ton respectuoso.

O cuarto era enorme, situado no último recuncho do vestíbulo do terceiro andar. A cama estaba agochada nun nicho envolto en cortinas pálidas; estaba colocada á esquerda da porta de entrada. Unha xanela alta daba a un patio interior. Había algunhas poltronas e dous armarios encaixados nos muros. A Inés resultáballe inquietante aquel cuarto. O seu curmán mirouna con inqueda; tería desexado que a moza dixese algo. As mulleres reservadas poñíano en alerta. El prefería as outras: as faladoras, as que non ven nada. Inés, cos seus ollos indiferentes, rexistraba todo aquilo que el tería querido que pasase desapercibido.

Subiron ao último andar. Inés percorreu coa mirada a terraza que abarcaba toda a fachada da casa. Abaneou a cabeza. A terraza, cuberta por cristais poeirentos, era un celeiro luxoso, abandonado e sucio, con varias mesas e cadeiras pregables encostadas á parede. A presenza dun teléfono negro colocado no chan engadía estrañeza a aquel lugar desolado.

—Que diferenza con respecto ao convento! —exclamou Inés. —Alí, a orde brillaba nos dormitorios, no refectorio, na capela e na horta.

—Todo rigorosamente pulido — engadiu.

Detrás da terraza e subindo por unha escaleira interior estaban os cuartos do servizo, pequenos e amortecidos. Inés escolleu o primeiro coas paredes empapeladas en gris. Unha cama de resortes afundidos, un armario deslucido, unha cadeira e unha mesa formaban o mobiliario. Jesús puxo a maleta da curmá xunto á cama.

—Quen vive nesta casa...? Semella que non vive ninguén.

Jesús inquiredouse, resultaba difícil atopar unha resposta á pregunta da curmá, quen, envolta no seu modesto abrigo negro, agardaba.

—O señor. Ás veces vén xantar, e ás veces tamén dorme aquí.

—Queres dicir que aquí non vive ninguén? Non hai ningunha señora?

—Non..., non hai señora...

—É viúvo o señor?

—Algo así.

—E a quen debo obedecer?

—Ao señor! Se cadra chámate hoxe mesmo —respondeu Jesús con impaciencia.

Ambos permaneceron en silencio; estaban perplexos, e o curmán semellaba preocupado.

—Se queres, baixa máis tarde á conserxería.

Inés ordenou o seu novo cuarto e meteu as súas pequenas pertenzas no armario. Entón volveu ollar a enorme casa deshabitada e o seu silencio semellou un presaxio de desgraza. O teléfono soou de improviso.

—Quen é vostede? —preguntou unha voz de home con acento estranxeiro.